



## CONVOCATORIA DE ACCESO AO VIVEIRO DE EMPRESAS INNOVADORAS DA UDC 2024

A Universidade da Coruña (UDC) informa da apertura dunha nova convocatoria para adxudicar despachos dispoñibles no Viveiro de Empresas.

### OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é fomentar a cultura emprendedora e facer realidade a creación e consolidación de iniciativas innovadoras. O Viveiro está á disposición de ideas de proxectos empresariais sen constituír ou empresas de recente constitución creadas por membros da comunidade da UDC.

### DESPACHOS DISPOÑIBLES

6 despachos

### CARACTERÍSTICAS DOS DESPACHOS

**Emprazamento:** o Viveiro está situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación, no campus de Elviña, A Coruña.

**Instalacións e servizos:** ás iniciativas empresariais e empresas seleccionadas para accederen ao Viveiro asignaráselles un despacho cun tamaño que oscila entre os 20,28 e os 20,91 m<sup>2</sup>. Ademais, poderán facer uso das salas de reunións e zonas comúns do edificio, excepto o aparcadoiro, e terán acceso a todos os servizos de apoio ao emprendemento de que dispón o Viveiro: o acceso a redes, apoio na preparación do plan de empresa, asesoramento en xestión empresarial, xurídico e comercial, así como na procura de financiamento público e privado, etc.

**Duración e taxas:** o prazo total de permanencia das iniciativas empresariais ou empresas seleccionadas no Viveiro non poderá superar os 2 anos e 8 meses:

- A estancia será gratuíta os 8 primeiros meses.
- Para os 2 anos seguintes, a taxa é de 7,50 €/m<sup>2</sup> + IVE ao mes. Todos os servizos indicados anteriormente están incluídos nesta taxa.

Pódese consultar o resto de información relativa aos despachos no Regulamento para admisión e permanencia de iniciativas empresariais no Viveiro de empresas innovadoras da UDC.

### BENEFICIARIOS

Poderán solicitar un despacho os membros da comunidade universitaria, concretamente:

- Alumnado que estea a cursar estudos na UDC no momento da solicitude.



Edificio de Servizos Centrais de Investigación  
Universidade da Coruña-Campus de Elviña, 15071. A Coruña  
[viveiro.otri@udc.gal](mailto:viveiro.otri@udc.gal)- T.881012629

Código Seguro De Verificación	vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	13/03/2024 15:00:35
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==">https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Titulados pola UDC nos últimos 5 anos, que contarán ata o momento da publicación da convocatoria de acceso ao Viveiro.
- Persoal docente e investigador da UDC.
- Persoal técnico de xestión, de administración e servizos da UDC.

Considéranse titulados pola UDC os antigos alumnos que cursaron e finalizaron estudos de grao, posgrao, mestrado ou doutoramento na UDC.

Nas solicitudes con máis dunha persoa promotora deberá haber, polo menos, un membro do equipo que teña vinculación coa UDC.

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC e finaliza o **31 de decembro de 2024**.

A presentación de solicitudes realizarase exclusivamente polo procedemento habilitado na Sede Electrónica da UDC a través da ligazón: [https://sede.udc.gal/services/procedures/OTR\\_020](https://sede.udc.gal/services/procedures/OTR_020). As solicitudes que se presenten por procedementos distintos do habilitado na mencionada sede electrónica resultarán excluídas.

### DOCUMENTACIÓN

A solicitude deberá constar da seguinte documentación, que se poderá atopar no **Anexo desta convocatoria** e na **web do Viveiro**:

- **Formulario de solicitude de acceso.**
- **Descrición da iniciativa empresarial.**
- **Documentación xustificativa do vínculo coa universidade de polo menos unha persoa integrante do proxecto** (por exemplo: matrícula, expediente académico actualizado, título académico, contrato laboral, datos persoais da intranet da UDC, etc).

No caso de que a empresa estea constituída deberase achegar a documentación sinalada no parágrafo anterior máis o seguinte:

- Unha copia das escrituras de constitución, dos estatutos e da alta da empresa no imposto sobre actividades económicas.
- Unha relación das persoas socias da empresa, as que integran o órgano de administración e as contratadas, coa indicación do seu vínculo coa empresa e coa UDC.

### AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A avaliación das solicitudes presentadas será realizada por unha comisión de acordo cos seguintes criterios:



Edificio de Servizos Centrais de Investigación  
Universidade da Coruña-Campus de Elviña, 15071. A Coruña  
[viveiro.otri@udc.gal](mailto:viveiro.otri@udc.gal)- T.881012629

Código Seguro De Verificación	vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	13/03/2024 15:00:35
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==">https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- A composición do equipo emprendedor, a súa vinculación coa UDC e o seu grao de implicación no proxecto empresarial.
- A novidade do produto ou do servizo proposto.
- A necesidade ou oportunidade detectada no mercado e a solución proposta.
- A madurez da iniciativa. Valorarase o grao de desenvolvemento da iniciativa empresarial tendo en conta que a misión do Viveiro é apoiar ós emprendedores na fase inicial da súa iniciativa.
- Adecuación do proxecto empresarial ás características do Viveiro.

Logo de recompiladas as solicitudes, a comisión poderá contactar cos solicitantes para ter mais información sobre os proxectos.

A comisión avaliadora estará composta polas seguintes persoas:

- Directora da OTRI
- Técnico de I+D da OTRI,
- Técnico da Unidade de Emprego.

## RESOLUCIÓN

Unha vez avaliadas as solicitudes pola comisión, publicarase unha resolución provisional no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC (en diante, TEO): [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board).

Os solicitantes poderán formular reclamacións no prazo de cinco días hábiles. Este prazo contará a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no TEO.

Os escritos de alegación, xunto coa documentación xustificativa, deberán dirixirse á OTRI da UDC e entregarse en calquera dos rexistros oficiais desta universidade (Rexistro Xeral na Maestranza, Rexistro Auxiliar de Ferrol), ou telemáticamente mediante a Sede Electrónica ([https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register)).

Unha vez rematado o prazo de reclamacións publicarase a resolución definitiva no TEO.

A resolución definitiva outorgará unha autorización administrativa aos promotores dos proxectos seleccionados para a ocupación temporal do local asignado no Viveiro de Empresas da UDC.

Para o suposto de que na convocatoria 2024 se cubran os despachos dispoñibles, poderase crear unha LISTA DE ESPERA con aqueles proxectos que fosen avaliados positivamente

## ACEPTACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das condicións desta convocatoria e do Regulamento do Viveiro da UDC, así como o consentimento e a autorización para o tratamento dos datos persoais. A política de privacidade poderase consultar na seguinte ligazón: <http://otri.udc.es/viveiro/convocatoria>



Edificio de Servizos Centrais de Investigación  
Universidade da Coruña-Campus de Elviña, 15071. A Coruña  
[viveiro.otri@udc.gal](mailto:viveiro.otri@udc.gal)- T.881012629

Código Seguro De Verificación	vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	13/03/2024 15:00:35
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==">https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## MÁIS INFORMACIÓN E CONTACTO

- Regulamento do Viveiro: <http://otri.udc.es/wp-content/uploads/2019/03/190227.-Regulamento-Viveiro-de-empresas-innovadoras-da-UDC.pdf>
- Sede Electrónica: [https://sede.udc.gal/services/procedures/OTR\\_020](https://sede.udc.gal/services/procedures/OTR_020)
- W: <http://otri.udc.es/viveiro>
- T: 881 01 2629
- E: [viveiro.otri@udc.gal](mailto:viveiro.otri@udc.gal)

Jerónimo Puertas Agudo  
Vicerreitor de Investigación e Transferencia



Edificio de Servizos Centrais de Investigación  
Universidade da Coruña-Campus de Elviña, 15071. A Coruña  
[viveiro.otri@udc.gal](mailto:viveiro.otri@udc.gal)- T.881012629

Código Seguro De Verificación	vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	13/03/2024 15:00:35
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==">https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## ANEXO



Edificio de Servizos Centrais de Investigación  
Universidade da Coruña-Campus de Elviña, 15071. A Coruña  
[viveiro.otri@udc.gal](mailto:viveiro.otri@udc.gal) - T.881012629

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==	Asinado	13/03/2024 15:00:35
Asinado Por	Páxina	5/7
Observacións		
Url De Verificación		<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==">https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==</a>
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).





## FORMULARIO DE SOLICITUDE DE ACCESO AO VIVEIRO DE EMPRESAS DA UDC

Nome da iniciativa empresarial

Persoas integrantes *			
Nome	Apelidos	NIF	Vínculo coa UDC

\* Deberá achegarse xustificante do vínculo coa universidade de polo menos unha persoa, por exemplo: matrícula, expediente académico actualizado, título académico, contrato laboral, datos persoais da intranet da UDC, etc.

### Datos de contacto do/a representante da iniciativa

Nome e apelidos			
Enderezo			
Código postal	Poboación	Provincia	
Teléfono	E-mail		

### Sinatura do/a representante

En \_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_



Edificio de Servizos Centrais de Investigación  
Universidade da Coruña-Campus de Elviña, 15071. A Coruña  
[viveiro.otri@udc.gal](mailto:viveiro.otri@udc.gal)- T.881012629

Código Seguro De Verificación	vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	13/03/2024 15:00:35
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==">https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## DESCRICIÓN DA INICIATIVA EMPRESARIAL

En documento a parte, deberase entregar unha descrición da iniciativa empresarial.

### Requisitos

- Descrición do proxecto nun documento con formato presentación power point ou similar.
- **Máximo 30 diapositivas** sen contar documentos anexos ou xustificativos.
- Nesta descrición deberanse ter en conta como **mínimo** os seguintes aspectos:
  - Nome da iniciativa empresarial
  - Breve descrición dos promotores
  - Descrición do proxecto empresarial
  - Definición da innovación ou base tecnolóxica/coñecemento en que se fundamenta
  - Oportunidade ou problema detectado no mercado
  - Solución que proporciona a empresa e a vantaxe competitiva respecto ao que existe actualmente
  - O mercado: clientes potenciais, necesidades que se atenden e principais competidores existentes no mercado
  - Resumo de ingresos e gastos estimados para os dous próximos anos
  - Grao de desenvolvemento ou madurez do proxecto e prazos previstos para o inicio da actividade



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edificio de Servizos Centrais de Investigación  
Universidade da Coruña-Campus de Elviña, 15071. A Coruña  
[viveiro.otri@udc.gal](mailto:viveiro.otri@udc.gal) - T.881012629

Código Seguro De Verificación	vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	13/03/2024 15:00:35
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==">https://sede.udc.gal/services/validation/vieGI2xArfuyesr9vhQhLw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

